

XOAN SALVADOR GAIVOTA É DE BUEU



“Cada un de nós é en verdade unha idea da Gran Gaivota, unha idea ilimitada da liberdade...” (Richard Bach)

Miles de gaivotas, dende hai varias xeracións, están a abandonar os cantís das nosas illas atraídos pola abundancia e facilidades que dan o vertedoiros, os contedores de lixo, os refugallos dos peiraos, lonxas e un longo etcétera froito do desbaldido levado a termo pola civilización humana.

Certo día dos mes de maio unha parella de fermosas gaivotas que non se vían dende o ano anterior, achegáronse ó tellado da fábrica de Massó en Bueu, a mesma zona onde ó longo dos últimos anos aniñaran con éxito por tres veces. Mais agora o tellado non estaba. No seu lugar unha explanada auguraba tempos de cambios na fisionomía da paisaxe.

Aínda que moitas gaivotas decidiron aniñar nese mar de cemento, a nosa parella quixo facelo no tellado dunha rúa próxima, Rosalía de Castro, mesturando o rigoroso ritual do cortexo, o traballo da recolleita de paos pequenos, herbas secas, liques. etc. dos valos e tellados cós vós rasantes e amagos de pelexas con intrusos inmaturos.

Foi aí onde, medrou un xeitoso niño, berce de tres ovos de coloración verdosa con manchas máis escuras. Pasados 23 días, un deses ovos foi peteirado lentamente desde o seu interior por un polo que estaba a ocupar todo o espacio, con postura de contorsionista, do que se adiviñaba o pico polo pequeno orificio que ía medrando co pasar do tempo. O instinto, que fai cós poucos días de nacer busquen refuxio preto do niño, xogoulle unha mala pasada. Os cheiros a comida e a escuridade da cheminea que servía de apoio ó niño foi a trampa que enguliu ó noso protagonista que quedou no tubo dunha campá extractora de cociña. Abouxado polo golpe e sen entender onde se atopaba piaba con forza que se ía apagando polo cansazo. O se piar transformábase en berros máis fortes e agudos cada vez que un furacán o elevaba e



deixaba caer de novo entre fumes e aromas a comida que o irían matando de fame de non ser por unha man amiga que, alertada polos ruídos desmontou o tubo e o ceibou dunha morte certa. O seu aterraxe no chan da cociña foi todo un espectáculo tanto pola exclamación de sorpresa da rescatadora coma pola caída circense en forma de pelota agrisada da que comezaron a aparecer unhas patas palmeadas e un picos negros que servían de acompañamento a uns ollos grandes e de escuridade profunda.

Superado o primeiro momento de sorpresa pensouse que facer con este “sen papeis”. Por razóns que non veñen a conto foi entregado directamente nunha aula do centro escolar “A Pedra”. Nada máis entrar na clase levantou a cabeciña da caixa na que viña emitindo uns píos a modo de saúdo que foron correspondidos con expresións de xúbilo e grandes aplausos.

O ata aquí sen nome, fixo un pequeno e accidentado intento de paseo triunfal. A penas daba dous pasos e caía de cu o que ía acompañado polas risas de nenos e nenas. Houbo movementos, que tiveron que ser coordinados polo mestre, para saudalo e ata



tocalo sempre con esmerada suavidade e fermosas expresións de cariño.

A primeira xornada escolar do polo de gaivota remataba con dúas cuestións que había que responder con celeridade: que nome poñerlle e que facer con el.

En canto ós nomes aportábanse moitos de forma espontánea e un tanto desorganizada: Pío-pío (pois non paraba de piar), Gavi, 5ºA,... Máis alguén reparou, que meses atrás habíase feito unha audición de “Juan Salvador Gaviota” de R. Bach. Trala proposta non houbo dúbida: ese paradigma da liberdade sería o que prestaría o seu nome ó poliño recen adoptado. Así xa podíamos cubri-la súa ficha:

Nome: Xoán Salvador Gaivota

Lugar de nacemento: Bueu

Data: Primeira semana do mes de xuño de 2005

Familia de acollida: Alumnado de 5º do Colexio “A Pedra”

En canto o que facer con el o profesor propúxolles levalo ó Centro de Recuperación de Fauna Silvestre que a Consellería de Medio Ambiente ten en Cotorredondo, preto do lago Castiñeiras. Todos estiveron de acordo si se facía cando rematara o curso. Mentres tanto cada neno/a levaríao a casa por un período de dous días para coidalo coa complicidade da familia. Reseñar neste punto que Xoán Salvador estaba cada día máis grande e bonito froito do esmerado trato e boa alimentación recibida.

Cando tocaba cambio de alumnado-casa, Xoán pasaba toda unha mañá na aula mesturando os píos con grallados para facerse oír e reclamar a atención que cría merecer. Nos momentos de lecer era cando moitas mans se achegaban ata el. Xoán Salvador as seguía reclamando alimento ou quizais comprensión e cariño.

Pronto chegaron as vacacións e non houbo máis remedio que despedirse. As bágoas non apareceron aínda que si a tristura nos ollos dalgúns nenos, pois sabían que Xoán estaría moi ben coidado e quizais con outros amigos, gaiivotas coma el.

Á mañá seguinte levouse ó Centro de recuperación de Fauna Silvestre onde o persoal do centro acolleuno con grandes mostras de cariño e cun xantar de benvida.

Oito polos de gaiivota, cada quen cunha pequena historia na mirada, fixéronlle ó novo compañeiros un ruidoso recibimento con todo tipo de sons que aventuraban unha longa e fermosa amizade.

Coidamos e desexamos que completen as súas vidas con aires de liberdade nos cantís illáns (preferible de Ons) como unha verdadeira bandada de aves mariñas.

Que cando planeen aproveitando as correntes térmicas

das ondas do mar coa mirada no infinito do horizonte, Xoán Salvado Gaiivota, bueuense de nacemento e mariño de corazón, se lembre algunha vez deses nenas e nenos que foron os seus primeiros amigos.



